

CGT Pontevedra: Marchas da dignidade

Na xuntanza dos participantes locais da **Plataforma Galega de apoio ás Marchas da dignidade** (a Madrid, 22 de Marzo), celebrada este luns, 17 de febreiro, na sede da CGT en Pontevedra (edif. sindical, r/ Pasantería 1), acordouse iniciar a organización da **Marcha "Pontevedra-Madrid"** coas seguintes accións:

- Xoves, **20 febreiro, ás 20,30h, no edificio sindical, salón de actos**: Asamblea aberta a todas as persoas, colectivos e organizacións sindicais e sociais interesados en participar nas Marchas.
- Sábado, **22 febreiro, ás 12:00h, na Praza da Peregrina**, reparto do manifesto conxunto (pódese ler nesta mesma web da CGT de Galicia) e información sobre as Marchas.
- Mércores, **26 febreiro, ás 20:00h**, Manifestación conxunta dende a Praza da Ferrería
- **Dende hoxe ata o 26 de febreiro**, difusión, compromiso e adquisición dos billetes (40 €, por praza) para a saída e regreso a Madrid en tren especial o 22 de marzo.

A CGT de Pontevedra- Arousa fai un chamamento a toda a súa afiliación e a clase traballadora en xeral para que se incorpore a estas accións contra o paro e contra a política económica e social do goberno, e as difunda para seu maior éxito.

Comité Local CGT Pontevedra - Arousa